



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL


Xullo 2024

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2024

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en xullo de 2024 un crecemento do 3,4% con respecto a xullo de 2023; en España o incremento foi do 4,4%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 11,2%, os bens de equipo un 0,3% e os bens intermedios un 0,1%. Pola súa parte a enerxía medrou un 2,9%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: "industria da alimentación" e "confección de roupa de vestir" que achegan 1,2 puntos cada unha e a "fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" que suma 1 punto a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: a "fabricación de vehículos de motor" que resta 2,8 puntos, a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que detrae 0,4 puntos e a "metalurxia" que minora 0,3 puntos a taxa interanual.



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en xullo de 2024 un crecemento do 3,4% con respecto a xullo de 2023; en España o incremento foi do 4,4%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha crecemento do 11,2%, e suman 2,8 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 0,3%, o que incrementa 0,1 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** aumentan un 0,1%, cunha repercusión de 0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que crece un 2,9% e achega 0,5 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen na variación interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais, o incremento interanual do 3,4% en xullo débese principalmente á contribución positiva (7,5 puntos) de dezasete ramas; as principais foron: a "industria da alimentación" e "confección de roupa de vestir" que suman 1,2 puntos cada unha, e a "fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" que aumenta 1 punto a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (-4,1 puntos) de nove ramas, as principais foron: a "fabricación de vehículos de motor" que achega -2,8 puntos, a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que resta -0,4 puntos e a "metalurxia" que resta 0,3 puntos.

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI diminuíu en tres Comunidades Autónomas neste mes de xullo, Illes Balears (-9,6%), Asturias (-5,1%) e Aragón (-0,2%). Os maiores incrementos rexistráronse en La Rioja (13%) e Castilla y León (11,1%).

IPI Xullo 2024

Taxas de variación en %




No que vai de ano, o índice aumenta en nove comunidades autónomas. Os maiores crecementos rexístranse en Cataluña (5,1%) e Castilla y León (5%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.

IPI. Taxas de variación interanual (%). Ciclo-tendencia



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xullo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	93,4	3,4	1,9	--	--
Bens de consumo	108,7	11,2	5,8	2,8	1,3
Bens de equipo	107,2	0,3	-4,9	0,1	-1,6
Bens intermedios	88,2	0,1	-1,3	0,0	-0,3
Energía	66,9	2,9	10,6	0,5	2,4
España					
Xeral	107,9	4,4	0,9	--	--
Bens de consumo	111,0	7,8	3,0	2,0	0,8
Bens de equipo	114,4	0,9	-0,1	0,2	0,0
Bens intermedios	101,7	6,6	1,3	2,0	0,4
Energía	107,0	0,8	-1,7	0,2	-0,3

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xullo 2024

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	3,4		1,9		
Industria da alimentación	8,0	1,2	2,3	0,3	14,9
Confección de roupa de vestir	78,8	1,2	2,2	0,0	1,8
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	11,4	1,0	-2,1	-0,2	8,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	16,8	0,8	11,8	0,4	2,8
Fabricación de bebidas	10,0	0,6	16,2	0,7	3,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	7,9	0,4	1,1	0,1	4,8
Industria do papel	44,4	0,4	13,7	0,1	1,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	15,4	0,4	-0,4	0,0	2,3
Fabricación de material e equipamento eléctrico	48,2	0,2	2,9	0,0	0,5
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	43,4	0,2	0,1	0,0	0,8
Outras industrias manufactureiras	27,2	0,2	10,6	0,1	0,7
Fabricación doutro material de transporte	10,8	0,2	13,6	0,2	1,9
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,2	0,2	9,4	1,8	19,4
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	1,1	0,1	0,0	0,0	4,6
Fabricación de mobles	1,4	0,0	0,2	0,0	1,3
Outras industrias extractivas	-4,0	-0,1	12,8	0,2	1,1
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-20,0	-0,1	-21,5	-0,1	1,0
Industria téxtil	-19,5	-0,2	-12,7	-0,1	0,8
Industria química	-10,7	-0,2	-5,1	-0,1	1,9
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-11,1	-0,3	-0,1	0,0	5,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-11,7	-0,4	-12,3	-0,4	3,2
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-16,9	-2,8	-13,7	-2,2	13,3
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xullo 2024

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	107,9	4,4	0,9
Galicia	93,4	3,4	1,9
Andalucía	107,0	0,3	-2,9
Aragón	114,8	-0,2	0,8
Asturias	86,7	-5,1	-3,8
Baleares (Illes)	124,5	-9,6	-7,1
Canarias	124,0	7,8	4,6
Cantabria	91,7	6,6	-4,5
Castilla - La Mancha	118,6	7,4	0,0
Castilla y León	103,3	11,1	5,0
Cataluña	112,2	7,4	5,1
Comunitat Valenciana	106,3	3,5	-2,9
Extremadura	122,3	9,3	2,5
Madrid	116,0	2,8	-0,6
Murcia	109,7	4,0	1,4
Navarra	90,3	1,6	0,9
País Vasco	103,0	3,4	-0,9
Rioja (La)	105,4	13,0	-1,4

Fonte: INE